



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 14 de febreiro de 2024, polo que se resolve a denuncia da representante xeral do Partido Popular contra o alcalde de Ourense D. Gonzalo Pérez Jácome por unha posible infracción do artigo 50 da LOREX

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

Antecedentes

1. O 13 de febreiro de 2024 a representación xeral do Partido Popular formula unha denuncia contra o alcalde de Ourense D. Gonzalo Pérez Jácome na que manifesta o seguinte:

«O 8 de febreiro de 2024 o Partido Popular presentou denuncia contra o alcalde de Ourense pola instalación dun cartel que anunciaba unhas obras futuras que aínda non estaban nin adjudicadas.

12 de febreiro de 2024 a Xunta Electoral de Galicia resolveu a denuncia, estimándoa e requirindo ao denunciado a retirar de xeito inmediato o dito cartel, advertíndolle de que se absteña a levar a cabo accións semellantes durante o proceso electoral.

Pois ben, Concello de Ourense non só non retirou o cartel denunciado, senón que colocou máis en diversos puntos da cidade.

Do mesmo xeito que na denuncia anterior, trátase de obras non adjudicadas nin iniciadas:

-Acondicionamento e mellora dos espazos urbanos na rúa Alejandro Pedrosa.

-Humanización da Avda. De Portugal dende Ervedelo ata a Rúa Vila Valencia.

Noutro casos, nin sequera se trata dunha obra, senón que o que anuncia é un anteproxecto dun parque acuático.

-Anteproxecto: Parque Acuático Termal.»

Incorpora fotografías dos carteis e engade:

«Non nos atopamos ante a publicación dunha información necesaria para a cidadanía para dar conta da posta en funcionamento dun servizo público, non se trata dunha campaña de información que resulte imprescindible para a salvagarda do interese público ou para o correcto desenvolvimento dos servizos públicos, senón dun anuncio dun proxecto, a día de hoxe sen materializar, no que o alcalde utiliza a institución á que representa e os medios públicos do Concello de Ourense para realizar campaña electoral, quebrando así os principios de igualdade, obxectividade e neutralidade política que deben manter os poderes públicos durante o período electoral.

O alcalde de Ourense está utilizando o seu cargo político para facer campaña electoral e captar sufraxios para o partido político ao que pertence, con anuncios de obras que aínda non están nin iniciadas e utilizando a institución á que representa para tal fin.»



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Por estos motivos solicita:

«Que se admita a denuncia contra D. Gonzalo Pérez Jácome, alcalde de Ourense, se ordene a inmediata retirada dos carteis indicados e se incoe o procedemento sancionador correspondente.»

2. O 13 de febreiro de 2024 trasládase a denuncia ao denunciado para alegacións.

3. O 14 de febreiro de 2024, o denunciado formula alegacións nas que manifesta:

«Las proyectos de reforma acondicionamiento y humanización de las calles Avenida de Portugal y Alejandro Pedrosa, así como el proyecto Parque Coto de Canedo son contratos que está han sido publicados y licitados en la plataforma de contratos del estado, tal y como se detalla a continuación:

Avenida de Portugal:

https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle_licitacion&idEvl=xdcoZ%2BOKI4ucCF8sV%2BqtYA%3D%3D

Alejandro Pedrosa:

https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle_licitacion&idEvl=iWw0riA1kwhxseVhcqrkhw%3D%3D

Parque Coto de Canedo:

https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle_licitacion&idEvl=UJsXr31FMH4BPRBxZ4nJ%2Fg%3D%3D

Todas ellas tienen la financiación garantizada ya que han recibido fondos europeos Next Generation mediante Orden Ministerial de 17 de julio de 2023 (BOE no 175, de 24 de julio de 2023) se concedió al Ayuntamiento de Ourense una subvención para el proyecto Move Ourense II por un importe global de 4.212.051,11€.

Por otro lado, el Ministerio de Transporte y Movilidad indica, sobre las Obligaciones de comunicación, publicidad y difusión de los beneficiarios y gestores del Mecanismo de Recuperación y Resiliencia lo siguiente:

Los beneficiarios y las entidades decisoras y ejecutoras de los fondos del Mecanismo de Recuperación y Resiliencia (MRR), elemento central del instrumento NextGenerationEU, deben asumir la responsabilidad de publicitar, comunicar y difundir los proyectos cofinanciados con cargo al mismo

El Artículo 34 del Reglamento Europeo 2021/241 del Parlamento Europeo y del Consejo, por el que se establece el Mecanismo de Recuperación y Resiliencia, recoge que “los perceptores de fondos de la Unión harán mención del origen de esta financiación y velarán por darle visibilidad”».



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Engade:

«En el caso del cartel del Parque Acuático Termal. La finalidad es informar a los vecinos sobre el diseño definido por el ayuntamiento así como la ubicación en la que se desarrollará el proyecto.

En todos los casos son carteles informativos cuyo contenido es totalmente objetivo. No hay ninguna alusión a logro obtenido, ni contenido político o electoral. Más concretamente y a modo de ejemplo, se reseña un caso particularmente similar realizado por la Xunta de Galicia (presidida por la formación denunciante): la Xunta de Galicia ha colocado recientemente los letreros correspondientes a la futura obra de la senda del Barbaña en la ciudad de Ourense sin que la misma haya comenzado, con la particularidad de que, en este caso, están previstas una serie de dificultades técnicas que pueden retrasar el inicio de la obra durante bastante tiempo.

El Concello de Ourense no ha realizado ningún acto propagandístico en el que se asocie estos proyectos al grupo de gobierno. ÚNICA Y EXCLUSIVAMENTE ofrece información objetiva y no sesgada sobre proyectos en ejecución cuyo inicio es muy anterior al inicio de la campaña electoral.

Por último, en relación con el uso del color amarillo, el Concello de Ourense usa el lema “Ourense en obras”, en cuyo diseño se emplea habitualmente (y desde el año 2021, no por causa de la campaña electoral) como color de fondo, un tono de amarillo, el cual no coincide con el color corporativo utilizado por la formación política. Del mismo modo, la Xunta de Galicia emplea habitualmente en sus carteles, diseños y portales web distintas gamas de color azul, color que también utiliza el Partido Popular en su cartelería y en el diseño general corporativo de su partido político y de su campaña electoral, sin que esto sea causa de censura o sospecha de utilización con fines electoralistas.»

Finaliza solicitando o arquivo da denuncia.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. O artigo 50 da Lei orgánica 5/85, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX), prohíbe expresamente no seu apartado 2 durante o período electoral «calquera acto organizado ou financiado, directa ou indirectamente, polo poderes públicos que conteña alusións ás realizacións ou aos logros obtidos». E o seu apartado 3, prohíbe «calquera acto ou inauguración de obras ou servizos públicos ou proxectos destes, calquera que sexa a denominación utilizada, sen prexuízo de que as ditas obras ou servizos poidan entrar en funcionamento en dito período.»

A Instrucción 2/2011, do 24 de marzo, da Xunta Electoral Central, sobre interpretación do artigo 50 da LOREX, en relación co obxecto e os límites das campañas institucionais e dos actos de inauguración realizados polos poderes públicos en período electoral, inclúe entre as campañas institucionais permitidas, «as campañas informativas que resulten imprescindibles para a salvagarda do interese público ou para o correcto desenvolvemento dos servizos públicos». E engade no seu punto quinto que a intervención das xuntas electorais debe producirse como consecuencia da contestación de consultas, da formulación de denuncias ou reclamacións, ou da interposición de recursos.



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Segundo. As administracións públicas no período electoral poden continuar co exercicio das competencias que legalmente teñen atribuídas: «*El artículo 50.2 de LOREG no prohíbe que durante los períodos electorales las administraciones públicas puedan ejercer las potestades administrativas que tengan legalmente atribuidas*» (Ac. XEC do 4 de marzo de 2020).

Por iso «*el inicio del período electoral no interrumpe aquellas actuaciones de los poderes públicos que resulten necesarias para la salvaguarda del interés público o para o correcto desenvolvimiento de los servicios públicos*» (Ac. XEC do 10 de maio de 2011).

Polo tanto, o período electoral non impide a información sempre que se limite estritamente a proporcionar aquela que sexa de interese xeral (Ac. XEC do 14 de abril de 2011) ou que sexa útil, carente de valoracións electoralistas e enmarcada dentro dunha campaña informativa específica (Ac. XEC do 16 de maio de 2019).

A Junta Electoral Central tense pronunciado verbo de actuacións dos poderes públicos que teñen por obxecto obras, nos termos seguintes:

«*Esta Junta entiende que los poderes públicos sólo pueden realizar actos de presentación de las condiciones técnicas de proyectos de obras públicas en período electoral cuando a la luz de las circunstancias dicha actuación sea imprescindible para la realización de los objetivos que tenga encomendada una Administración y no sea posible posponer el acto hasta después del período electoral sin grave lesión para el interés general. En todo caso, cualquier acto de este tipo que se realice en período electoral deberá abstenerse de contener campañas de realizaciones o logros y no podrá tener ningún contenido electoralista*» (Ac de 14 de abril de 2011).

Esta doutrina reitérase no acordo 575/2023, do 5 de outubro (fundamento xurídico primeiro):

«*La interpretación del art. 50.2 de la LOREG debe efectuarse a la luz de diferentes preceptos constitucionales; en este caso, resultan singularmente claros los que se contienen en los art. 23.2 y 103.1 de la Constitución, en la medida en que imponen, respectivamente, el principio de igualdad en el ejercicio del derecho de sufragio pasivo (art. 23.2) y el principio de neutralidad de los poderes públicos (art. 103.1); en relación con esto último, conviene tener presente que la jurisprudencia del Tribunal Supremo (Sala Tercera) ha declarado reiteradamente que la neutralidad de los poderes públicos constituye uno de los instrumentos legalmente establecidos para hacer efectiva la igualdad que ha de ser observada en el sufragio, siendo además una de las específicas proyecciones que tiene el genérico mandato de objetividad que el artículo 103.1 de la Constitución proclama para la actuación de toda Administración Pública (por todas, cabe citar SSTS 721/2021, de 24 de mayo; 743/2021, de 26 de mayo; 113/2023, de 31 de enero o 132/2023, de 2 de febrero). Y es que, en último término, la utilización de medios públicos institucionales vulnerando el principio de neutralidad comporta, a su vez, la quiebra del principio de igualdad al que también se refiere el art. 8.1 de la LOREG.*

(...)

Terceiro. O feito denunciado ten unha clara connotación electoralista xa que



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

(a) os proxectos das obras áinda non están realizados nin, consecuentemente, tampouco están adxudicados os contratos para executalas;

(b) os carteis non conteñen información obxectiva e relevante para os servizos públicos nin para a ciudadanía. Non se trata dunha información necesaria promovida por un poder público e dirixida á ciudadanía para dar conta da posta en funcionamento dun servizo público, nin tampouco dunha campaña de información que resulte imprescindible para a salvagarda do interese público ou para o correcto desenvolvemento dos servizos públicos.

Non se acredita cal é o motivo polo que resulta imprescindible instalar os carteis en plena campaña electoral, máxime cando se trata de obras municipais que non van entrar en funcionamento de xeito inminente.

Polo tanto, o Sr. alcalde de Ourense está utilizando este cargo público para facer campaña electoral e captar sufraxios para o partido político ao que pertence, con anuncios de obras que áinda non están iniciadas e utilizando a institución á que representa para tal fin.

A razón última deses anuncios—como os dos carteis que deron lugar á primeira das denuncias estimada—é influír no sentido do voto, intentando facer crer que existe unha boa xestión por parte do goberno municipal do concello que preside e, deste xeito, mover ao potencial elector a que vote á entidade política á que pertence o Sr. alcalde e que presenta candidaturas polo concello de Ourense nas vindeiras eleccións autonómicas.

É contrario ao principio de neutralidade dos poderes públicos promover unha actuación como esta durante unhas eleccións en curso co propósito, precisamente, de tratar de persuadir ao potencial elector a que se decante a favor dunha determinada entidade política.

Á vista do que antecede

ACORDO

Primeiro. Estimar a denuncia e declarar que o Sr. alcalde de Ourense, D. Gonzalo Pérez Jácome, incorreu nas prohibicións establecidas nas alíneas 2 e 3 do artigo 50 da LOREX, por non ter respectado o principio de neutralidade política polos anuncios que deron lugar a súa presentación.

Segundo. Requirir do denunciado a que curse as ordes correspondentes para retirar de xeito inmediato os citados carteis, advertíndolle que se absteña de levar a cabo unha acción semellante durante o proceso electoral.

Terceiro. Determinar a apertura dun procedemento sancionador en relación co Sr. alcalde de Ourense, D. Gonzalo Pérez Jácome.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrucción da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central,



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 17:00 horas do próximo día 17 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte endereço:
xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal